

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE MAIO DE 2016.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas do día vintetrés de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 27 de abril de 2016. Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior coa devandita modificación.

LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D^a ADELA REGO BERMUDEZ RELATIVO A REPARACION DE CUBERTA E ARRANXOS VARIOS EN CAMBA Nº 2 –XUANCES.

Vista solicitude formulada por D^a. Adela Rego Bermúdez con D.N.I nº: 76.556.367-Q con domicilio en Camba, 2 (27877 Xuances), para realización de obras de reparación de cuberta e arranxos varios en vivenda sita en Camba ,2 – Xuances.

Expediente: 1894/15.- Ref.catastral.:27025A022000030001KG - 27025A038004950001KY

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *De acordo coa documentación que se achega, con proxecto técnico redactado pola arquitecto técnico Dona Aroa Mayo Rodríguez, colexiada nº 562, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente o 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de Xulio de 2012.De acordo co previsto no Artigo 381.2 estes traballos de reparación atópanse englobados dentro dos usos autorizables pola Comunidade Autónoma polo que é necesario o informe preceptivo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,(Axencia Galega de Infraestruturas). Na data 11 do 06 de 2015 con nº de entrada 472/RX1109357 solicitouse o preceptivo informe no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.*
- *Este inmovible, atópase fora de ordenación, e forma parte dos edificios erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resultan desconformes con este, polo que este inmovible está sometido ao réxime de fora de ordenación.*
- *De acordo co disposto no artigo 90 Lei 2/2016 do 10 de febreiro, nas construcións e edificacións que queden en situación de fora de ordenación, por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento só poderán autorizarse obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Agás que no planeamento se dispoñía xustificadamente o contrario, en ningún caso se entenderán incluídas na situación prevista nesta alínea as edificacións ou instalacións*

en solo rústico que obtivesen legalmente a preceptiva licenza urbanística e que se executasen de conformidade con esta.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 24 e 25 da lei 2/2016 do 10 de febreiro2, e no que ás condicións se edificación se refire.*
- *A edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adaptaranse á tipoloxía do ámbito no que se atopan as devanditas construcións.*
- *As obras que se pretenden, pola súa condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin supoñerán aumento de volume da actual edificación.*
- *Respetarase o primitivo deseño e a tipoloxía da edificación e o seu ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto nos Artigo 24 2 25 da Lei do solo de Galicia. **A cuberta deberá ser en pizarra.***
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto para a execución das obras, como para os espazos e viais do entorno.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como ó estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á lei 2/2016.*
- *Habida conta que a data de hoxe aínda non se recibiu a autorización sectorial solicitada a mesma entendese outorgada por silencio administrativo sen prexuízo de que coa nova redacción dos artigos 36 e 40 da Lei 2/2016 ao se tratar dunha obra de reposición de cuberta que non supón aumento de volume non é necesario solicitar e obter autorización autonómica previa.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 11.272,50€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 225,45€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D^a MARIA DEL CARMEN BARREIRO ALVAREZ DE MON RELATIVO A SUSTITUCION DE FORXADOS INTERIORES EN VIVENDA SITA RUA DA IGREXA Nº 3.-XOVE.

Vista solicitude formulada por D^a. María del Carmen Barreiro Álvarez de Mon con D.N.I nº: 50.540.415-P con domicilio en C/ Baeza, 5 apartamento 102 (28002 Madrid), para realización de obras de substitución de forxados interiores en vivenda sita Rúa da Igrexa Nº 3.-Xove. Ref. Catastral: 0182801PJ2308S0001WF.- Expediente: 921/16

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa solicitude que se achega, asinada polo solicitante, e de acordo co proxecto técnico redactado polo Arquitecto técnico Don Tomás Rodríguez Rapa,*

colexiado nº 376; As obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Urbán de Xove.- ORDENANZA O-1.(Barrio Orixinario de Xove), de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de Xulio de 2012. XOVE.- Núcleo urbán.

- O inmovible atópase ubicado nun entorno afectado por unha área de protección, do núcleo urbán de Xove , dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar nomeados con números: BIC nº 13, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41 e 42, dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- Se ben as obras que se pretenden non varían a configuración do inmovible, de acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas disposicións contidas na lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.
- A edificación cuos forxados interiores se pretenden substituír, de acordo co solicitude que se achega, non afectará a tipoloxía do ámbito no que se ubica.
- Na data 05 de maio de 2016 tivo entrada nestas dependencias municipais, con rexistro de entrada 1450, o preceptivo informe da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 22148.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto nas ordenanzas do vixente P.X.O.M municipal.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario do inmovible, para poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Normativa urbanística municipal.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 4.825,78€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 96,50€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE BEGASA RELATIVO A REFORMA L.M.T.A. ENTRADA Ó CTC DE LAGO-RUA.

Vista solicitude formulada por D^a Teresa Losas Valle, en representación de BEGASA con CIF A-33001983 con domicilio en Parque Empresarial As Gándaras, calle A, parcela U2 (27003 Lugo), para realización de obras de *Instalación de 1 apoio metálico de 6 metros,*

canalización en terra y reforma interior de CT.Reforma LMTA entrada ao CTC 5426 Lago-Rua.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *Expediente: 999/16.- Ref.Catastral: A00400100PJ23G0001BO*
- *Asunto: Instalación de 1 apoio metálico de 6 metros, canalización en terra e reforma interior de CT.Reforma LMTA entrada ao CTC 5426 Lago-Rua.*
- *Solicitante: Dona Teresa Losas Valle, en nome e representación de BEGASA, con CIF A-33001983.- Situación: Lg. de Beltrán.-Lago.-Xove.-*
- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Don Enrique Fernández Olea colegiado nº 574, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Urbanizable Delimitado Industrial 2,(S.U.D.-I2) de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012. Burgo de Beltrán.*
- *As instalacións que se pretenden levar a cabo atópanse ubicadas nun entorno afectado por unha área de protección, do núcleo de Beltrán, dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar nomeado co número: BIC nº 17 dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *De acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas disposicións contidas na lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.*
- *Na data 05 de maio de 2016 tivo entrada nestas dependencias municipais, con rexistro de entrada 1451, o preceptivo informe da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación dando resolución favorable do expediente 22179.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da parcela, e poder constatar o seu estado definitivo da edificación unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.570,88€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 31,42€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D. JOSÉ MANUEL DAYAN MARIÑO RELATIVO A REFORMA INTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN VENTOSELLE. PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCION.

Vista solicitude formulada por D. José Manuel Dayan Mariño con D.N.I nº: 33.307.861-C con domicilio en Ventoselle nº 6 (27879 A Rigueira.-Xove), para realización de obras de reforma interior de vivenda unifamiliar sita en Ventoselle, 6 –Rigueira.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *Referencia Catastral:27025A077000500001 KY.- Expediente: 1446/16*
- *A edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo arquitecto Dona María Belén Rivas Baltar, sitúase dentro da área delimitada como Solo De Núcleo Rural En Zona Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de Xulio de 2012.*
- *No proxecto, xustifícase, no seu apartado da Memoria urbanística, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización SOI, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.*
- *Acompañase anexo a memoria do proxecto no que se xustifica o cumprimento das condicións de habitabilidade do decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.(NHV-2010) .- Cadro comparativo dos diferentes apartados a cumprir, dos seus articulados e conceptos.*
- *No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:*
 - *Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SI)*
 - *Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización e accesibilidade. (DB-SUA).*
 - *Cumprimento del DB-SE. Seguridad estructural.*
 - *Cumprimento do DB-HS.Salubridad.*
 - *Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HE).*
 - *Cumprimento e xustificación do HR Protección frente al ruído.*
- *En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral do saneamento municipal, así como o abastecemento de auga potable, igualmente da rede municipal, polo que previo á concesión da licenza de primeira utilización, deberase garantir ter resoltos os servizos básicos da edificación.*
- *Previo ao inicio das obras, achegarase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Achegarase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a súa escritura.*
- *Os devanditos documentos achegaranse conxuntamente co proxecto de execución e para os efectos de comprobación conxunta coa acta de reformulo previo ao inicio das obras.*
- *Recordase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos:*
 - *Parámetros urbanísticos aplicables.*
 - *Promotor das obras, construtor.*
 - *Nº de expediente de licenza.*

- *Data de inicio e finalización das obras.*
- *Técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico.*
- *Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras*
- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo. tanto no que ás aliñacións municipais se refire como a normativa correspondente.*
- *Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.*
- *Coa achega do proxecto de Execución achégase o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.*
- *Co proxecto de Execución e Acta de reformulo, deberase dar así mesmo da empresa construtora das obras co seu C.I.F e dirección correspondente antes do escomenzo das obras.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, coa achega dos documentos técnicos correspondentes, e de acordo co Artigo 143.4 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 79.999,76€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 1.600,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou acordo ningún.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ CUADRADO OTERO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77.591.6734-R , con domicilio en Avda. Deputación, 12 3º C (27870 Xove) por morte de unha vaca por importe de 400,00 €

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A Dª DOLORES GUERREIRO PITA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por tres votos a favor e a abstención de Dª Dolores Meitin Guerreiro, acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Dolores Guerreiro Pita con D.N.I. n^o 76.557.077-J, con domicilio en San Cristobo, 5 (27877 Portocelo) por morte de unha vaca por importe de 200,00 €

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA NOELIA PINAR RODRIGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Noelia Pinar Rodríguez con D.N.I. n^o 33.996.234-A, con domicilio en Regosanguento, 5 (27877 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D^a M^a LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a M^a Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. n^o 33.302.107-Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27877 Sumoas) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00 €

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D^a JOSEFA GONZALEZ PARAPAR.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Josefa González Parapar con D.N.I. n^o 33.993.607-K, con domicilio en Loureiros, 55 (27877 Xuances) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00 €

D.6) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2016, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Hormigones Mariña S.L. <i>Parque Empresarial de Camba, 46-48</i> 27870 Xove	Francisco José Casabella Lage <i>Urbanización Palmeiro, 53 3º A</i> (27879 Rigueira)	Xaneiro-maio 2015	765,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.7) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2016, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Reparaciones y Reformas Os Castros S.L.	Jonatan Secades Ramón <i>C/ Dr. Baamonde Illade, 7</i>	Xaneiro-maio 2015	715,00 €

Avda. Cantarrana, 8 Entresuelo (27850 Viveiro)	(27870 Xove)		
---	--------------	--	--

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.8) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE SUMOAS DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por Dª Josefa Meitín Insua con D.N.I. nº 76.557.108-K, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (1-10-2015 ó 31-3-2016), iniciada a partir del 2-10-1997, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 4 de febreiro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.975,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.487,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rendibilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.9) RENUNCIA DE SOLICITUDE NO PLAN DE EMPREGO DE RESTAURANTE LOUZAO S.L. PARA Mª EVA BAÑO LOPEZ.

Vista a solicitude formulada pola traballadora e polo empresario, respectivamente, así como o escrito de renuncia efectuado pola empresa Restaurante Louzao S.L. por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Denegar a adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego por RENUNCIA do solicitante para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballadora
Restaurante Louzao S.L. Augadoce Celeiro (27863 Viveiro)	Mª Eva Baño López Cabo, 6 (27878 Sumoas)

2º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.10) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE RESTAURANTE LOUZAO S.L. PARA JUAN MANUEL GONZÁLEZ MIRANDA

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Restaurante Louzao S. L. Augadoce Celeiro (27863 Viveiro)	Juan Manuel González Miranda Urb. Palmeiro, 66 5º C (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.11) SOLICITUDE DE ASOCIACION EQUINA A MEDELA DE SUBVENCIÓN PARA XX FEIRA DO CABALO EN LAGO (2016)

Visto a solicitude de D. Leandro Quelle Franco, con CIF G-27253418 e domicilio a efectos de notificación en Cabo, 8 (27878 Sumoas).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2016 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000,00 €

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000,00€ para a XX Feira do Cabalo en Lago-Xove 2016.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400,00€ correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de

beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 € non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezasete horas e cincuenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.